



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTA COMBA

Bases da convocatoria e o proceso de selección para a contratación de persoal laboral temporal en programa temporal e de duración determinada: Socorrista

BASES DA CONVOCATORIA E O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL EN PROGRAMA TEMPORAL E DE DURACIÓN DETERMINADA: Socorrista

1.- Obxecto

1.1. O obxecto da convocatoria é a execución de actuacións ou servizos de carácter temporal e de duración determinada, vinculados a programas de activación do emprego, que non responden a necesidades permanentes da Administración, para o que se precisa a contratación deste persoal laboral temporal:

Denominación	Socorrista
Núm. de prazas	1
Programa/Plan/Convenio	Programa fomento do emprego da Xunta de Galicia en colaboración coas EE.LL. (TR351A)
Réxime	Persoal laboral temporal
Sistema de selección	Oposición, queda libre
Modalidade Submodalidade Normativa	Laboral temporal: contrato vinculado a programa de activación de emprego Mellora da ocupabilidade e da inserción laboral (Apartado 1 da disposición adicional noventa do RDL 32/2021, do 28/12)
Código de contrato	405, por ser unha contratación que se formaliza a tempo completo
Duración do contrato	2 meses
Xornada laboral	100 %
Horario	O horario poderá ser partido en xornada de mañá e tarde e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo, cos descansos establecidos na lexislación vixente.
Retribución mensual	Corresponderánlle as retribucións básicas e complementarias asignadas ao posto de traballo. A retribución será a fixada nos orzamentos municipais vixentes. Salario bruto mensual: 1.166,66 €. Indemnización: 116,67 €. Grupo de cotización: 09. CNAE 2009: 8411.
Período de proba	O período mínimo establecido pola lexislación vixente
Funcións e tarefas encomendadas	<ul style="list-style-type: none"> - Vixiar o cumprimento das normas e uso das instalacións. - Atención aos usuarios. - Asistir como primeiro actuante en caso de accidente ou situación de emerxencia. - Previr accidentes ou situacións de emerxencia en instalacións acuáticas, velando pola seguridade dos usuarios. - Rescatar persoas en caso de accidente ou situación de emerxencia en instalacións acuáticas. - Executar técnicas específicas de natación con eficacia e seguridade. <p>Auxiliar en caso de accidente.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realizar a limpeza do fondo do vaso das piscinas municipais (pasar limpa-fondos). - Manter ordenada e limpa as zonas comúns. - Rexistrar anotacións do PH e cloración da auga no libro de rexistro sanitario. - Control do acceso á sala de máquinas/químicos dos bañistas durante as horas de traballo. <p>Outros servizos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Acompañamento dos escolares na saída e entrada aos centros educativos e deportivos. - Colaboración en actos públicos. - Reparto e colocación de información (bandos, notas informativas,..) que sexan de importancia aos usuarios das instalacións e espazos destinados ao deporte e ocio acuático, etc.
Titulación esixible	<ul style="list-style-type: none"> - Título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, Graduado escolar, Bacharelato elemental, Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentaren instancias. - A Resolución que acredite estar inscrito no Rexistro Profesional do Persoal de Socorrismo, Información e Primeiros auxilios de Galicia, de acordo co Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia, ou o modelo distintivo en vigor, establecido pola Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 14 de maio de 2012 ou documento que acredite a inscrición. <p>(No caso de ter presentada a solicitude de inscrición e estar pendente de resolución, deberase presentar a dita solicitude xunto coa documentación que acredite estar en posesión da formación mínima para o exercicio das actividades obxecto de inscrición).</p>
Outros requisitos	<ul style="list-style-type: none"> - Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social. - Celga 3 ou Iniciación e perfeccionamento á lingua galega como mínimo. De non estar en posesión deste requisito, a persoa aspirante terá que superar unha proba escrita de coñecemento do nivel de galego esixido no que será valorado como apto ou non apto.

Subvención	Contratación subvencionada pola Consellería de Emprego e Igualdade
Procedemento	TR351A: programa de fomento do emprego en colaboración coas EE.LL.
Expediente núm.	TR351A 2022/000030-1
Obxecto	Servizo municipal de Protección Civil: socorrismo
Disposición	Consellería de Emprego e Igualdade. ORDE do 7 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351A) (DOG núm. 21 do 01/02/2022) Consta no expediente a resolución de concesión da subvención.
Requisitos esixidos pola Orde da convocatoria da subvención concedida	1.- Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberanse cumprir tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social. 2.- As persoas traballadoras que fosen contratadas, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021, pola Consellería de Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde. 3.- Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que previsen a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como: a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. c) Persoas paradas de longa duración. d) Persoas con discapacidade. e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito. f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos. g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. Así mesmo, teranse en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

No expediente se acreditan as razóns da necesidade urxente inaprazable da convocatoria e a efectiva concorrencia dos supostos e circunstancias que, segundo a normativa vixente no momento, permitirían a incorporación de persoal laboral temporal. Tamén a existencia de crédito suficiente para esta contratación.

Para a incorporación do persoal laboral temporal, a modalidade, xornada e duración dos contratos será a fixada no correspondente expediente, en función das necesidades do servizo e, de ser o caso, da causa de substitución; atendendo aos criterios, requisitos, supostos e modalidades contractuais previstos pola normativa aplicable, para o efecto, en cada momento, e, concretamente, e segundo o marco normativo actualmente vixente.

2.- Publicidade

Esta convocatoria e as bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, (BOP), Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Santa Comba, (TEU municipal), (<https://sede.santacomba.es/opencms/es/informacion/>) e a título informativo e complementario na páxina web do concello (www.santacomba.es).

A publicidade das demais resolucións, actos e/ou comunicacións que se deriven deste proceso selectivo e que se diten dentro do seu desenvolvemento, publicaranse no TEU municipal e a título informativo e complementario na páxina web do concello, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que, con carácter complementario, se considere oportuno.

3.- Requisitos xerais e específicos dos aspirantes

O persoal aspirante deberá achegar no prazo de presentación de instancias os documentos que acrediten:

- a) Ser español ou nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europa e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, de acordo co artigo 57 do TREBEP

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais Estados Membros da Unión Europea, e, cando así o prevea o correspondente Tratado, o dos nacionais dalgún Estado ó que en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europa e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que viva a súas expensas.

Así mesmo poderán participar os que non estando incluídos nos parágrafos anteriores se encontren en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que lles habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ó mercado laboral. En consecuencia, poderán participar os que se encontren en situación de residencia permanente, os que se encontren en situación de autorización para residir e traballar, así como os refuxiados.

Os/as aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

- b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír, ou en condicións de obtela na data límite de presentación de instancias da titulación académica ou profesional esixida, (Base 1. Obxecto). No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos no acceso ao emprego público (acreditarse na declaración xurada incluída na).
- e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade, de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembre, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- f) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. O persoal aspirante con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.
O persoal aspirante quedará vinculado aos datos que consten na súa solicitude. Unicamente poderán modificalos dentro do período de presentación de instancias.
Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias, e manterse durante todo o proceso selectivo.

4.- Criterios para a selección de persoas traballadoras

4.1 O concello solicitará a persoa traballadora que se necesita mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego de Galicia (SEPG), facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballos ofertados.

4.2. Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que previsen a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, teranse en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

4.3 A oferta formularase de conformidade cos principios xerais que se establecen a Orde mencionada:

- a) A oferta, na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no punto 5 ou que trate de favorecer os colectivos enumerados neste.
- b) En ningún caso se poderá incluír nin admitir como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.
- c) Poderanse admitir como criterios de emparellamento os relativos á titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.
- d) As entidades locais deberán presentar as ofertas, cunha antelación mínima de quince (15) días hábiles ao da data prevista para realizar as correspondentes contratacións, na oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ofertado.

4.4 As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria coa finalidade de que esta realice a selección definitiva, que lle deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

4.5 As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas presentarse obrigatoriamente conforme ao modelo que consta no anexo I e dirixíranse á alcaldesa da corporación expresando que reúnen todos os requisitos esixidos nestas convocatorias.

Ás instancias acompañarase inescusablemente esta documentación:

- Copia do documento nacional de identidade ou pasaporte.
- Copia do título que acredita como requisito mínimo para acceder ao proceso selectivo.
- Declaración responsable de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.

A declaración responsable enténdese sen prexuízo no seu caso de ter que acreditálo tamén de xeito documental caso de así o solicitase o Tribunal..

- De ser o caso, acreditación documental de estar en posesión do nivel de CELGA, ou equivalente, que se indica na Base 1.Obxecto.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

- De ser o caso, certificación da condición de discapacidade e grao de minusvalía.
- De ser o caso, solicitude de adaptación das probas por motivos de minusvalía.

Como requisito necesario, o persoal aspirante deberá achegar un índice que exprese de xeito ordenado os documentos que presente.

4.6 As instancias presentaranse preferiblemente por vía electrónica en:

- na Sede Electrónica do Concello de Santa Comba:

(https://sede.santacomba.es/opencms/es/procedimientosytramites/tramites/Convocatoriadeselecciondepersonal_N).

Opcionalmente, poderanse presentar a través da en calquera destes rexistros oficiais:

- no Rexistro Xeral do Concello de Santa Comba, en horario de 8:00 a 15:00 horas, de luns a venres ou en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei LPACAP

As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada

Neste último caso, deberá achegar xustificante de envío da solicitude dentro do prazo indicado para a presentación de instancias a:

- dirección electrónica: correo@santacomba.es - fax: 981 880716
- Sede electrónica: <https://sede.santacomba.es/opencms/es/>

Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública. Se non se realiza esta comunicación, vía fax ou correo electrónico, quedarán excluídos do procedemento de selección.

4.7 O prazo de presentación de solicitudes de participación será de dous (2) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da notificación do SEPG ou dos servizos municipais comunicando á persoa inscrita como demandante de emprego que foi elixida para participar neste proceso selectivo.

Estas Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e simultaneamente no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Santa Comba (en diante TEU municipal), (as bases e o modelo de solicitude para participar neste proceso selectivo), e a título informativo e complementario na páxina web municipal (www.santacomba.es).

A participación neste proceso é voluntaria, e a presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo implica que se presta consentimento para realizar as probas e os exercicios psicotécnicos, de existir, e entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

4.8 Os restantes anuncios referidos a esta convocatoria publicaranse no TEU municipal:

(<https://sede.santacomba.es/opencms/es/informacion/>) e a título informativo e complementario na páxina web municipal (www.santacomba.es).

4.9 Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

4.10 Para seren admitidos/as nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes manifestarán nas súas solicitudes que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes, e comprometeranse, no caso de obter a praza, a prestar xuramento ou promesa de conformidade co RD 707/1979, do 5 de abril, polo que se determina a fórmula de xuramento ou promesa para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas (BOE núm. 83 do 06/04/1979).

4.11 Cando as bases contemplan a exención dalgunha proba, as persoas aspirantes deberán facelo constar na súa instancia.

4.13 Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán).

4.14 Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. O concello será o responsable do tratamento destes datos.

5.- Admisión das persoas aspirantes

5.1 Lista provisional. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldesa ditará resolución, na que se declarará aprobada a listaxe provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas. Esta resolución se publicará no TEU municipal, e a título informativo e complementario na páxina web do concello (www.santacomba.es)

Se houber persoal aspirante excluído, indicarse a causa de exclusión, concedéndose un prazo dun (1) día hábil para os efectos de reclamacións, xa que logo o persoal aspirante xa foi seleccionado polo SEPG e lle foi notificado a documentación a presentar (solicitude, índice de documentos e declaración responsable, DNI e, de ser o caso, o título do CELGA ou equivalente para realizar os efectos da exención de realizar a proba de galego.

5.2 A devandita publicación servirá de notificación para os efectos de impugnacións e recursos.

5.3 De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a listaxe provisional do persoal aspirante admitido e excluído elevarase a definitiva.

5.4 O persoal aspirante que dentro do prazo sinalado non emendase a exclusión ou non alegase a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluído na relación de admitidos, será definitivamente excluído do proceso selectivo.

5.5 As reclamacións, se as houbera, resolveranse na resolución que aprobe a listaxe definitiva, que se publicará do mesmo xeito que a provisional.

5.6 Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a alcaldesa elevará a definitiva a listaxe provisional, no caso de non presentarse reclamacións, ou resolverá as reclamacións e declarará aprobada a listaxe definitiva do persoal aspirante admitido e excluído, que se publicará no TEU municipal, e a título informativo e complementario na páxina web do concello (www.santacomba.es).

5.7 Nesta resolución tamén acordará a composición do tribunal e a data do comezo do procedemento avaliador. Se non houbera reclamacións contra a listaxe provisional, quedará elevada automaticamente a definitiva, sen necesidade de nova publicación.

5.8 A presentación de reclamacións, de ser o caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a alcaldesa.

5.9 Os restantes anuncios referidos a esta convocatoria publicaranse no TEU municipal:

(<https://sede.santacomba.es/opencms/es/informacion/>) e a título informativo e complementario na páxina web municipal (www.santacomba.es).

5.10 Cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

A non presentación da instancia en tempo e na forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

5.11 A inclusión do persoal aspirante na listaxe de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta administración municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido nestas Bases.

5.12 Os modelos estarán a dispor dos interesados en:

Se dispón de certificado dixital pode acceder á Sede Electrónica e achegar telematicamente este modelo de solicitude no trámite Emprego Público e Recursos Humanos, convocatoria de persoal, descargas impresos.

Nos demais casos, o modelo de solicitude e demais modelos facilitarase no Departamento de Persoal ou nas oficinas municipais (Rexistro e Información -teléfono/s: 981 880075/100-). Tamén na dirección electrónica: correo@santacomba.es.

5.13 Os aspirantes con algunha capacidade diminuída terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa da minusvalía. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

6.- Sistema de selección

O sistema selectivo elixido será o de oposición libre que consistirá na realización de tres probas de aptitude eliminatorias e obrigatorias para o persoal aspirante.

Os exercicios teñen carácter eliminatorio, sendo necesario superar cada un deles para pasar ao seguinte.

O persoal aspirante será convocado en chamamento único, sendo excluído da oposición quen non compareza, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

A orde de actuación das persoas aspirantes neste proceso de selección comezará por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra T, segundo a Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 28 de xaneiro de 2022, pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 24 do 04/02/2021).

O persoal aspirante deberá presentarse para realizaren o/s exercicio/s provisto do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela (bolígrafo azul).

7.-Tribunal de selección

Consonte ao artigo 55 e seguintes do actual EBEP, co Real decreto 896/1991, polo que se establece as regras básicas e os programas mínimos aos que teñen que axustarse os procedementos de selección dos funcionarios da administración local e co artigo 11 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real decreto 364/1995, o tribunal terá unha composición mínima de cinco membros composto por estes membros:

- Un/ha presidente/a: un/ha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo designado/a pola alcaldesa da Corporación.
- Vogais: tres funcionario/as de carreira ou persoal laboral fixo designado/as pola alcaldesa da Corporación.
- Un/ha secretario/a: o/a da Corporación ou funcionario/a que se designe pola alcaldesa da Corporación.

Os seus membros deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo (artigo 59.4 da LEPG).

A súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e, tenderase á paridade entre muller e home.

No decreto da alcaldesa nomearase os titulares e os respectivos suplentes. A designación nominal realizarase no decreto no que se aprrobe a listaxe do persoal admitido e excluído.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios ou laborais fixos que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento das probas, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do proceso selectivo o aconselle.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade que convoca cando conorra algunha das circunstancias de abstención previstas na lei ou nos artigos 13.2 do RD 364/1995 do 10 de marzo e 28 da LRXSP.

O persoal aspirante poderá recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias, ao abeiro do artigo 29 da LRXAP.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan na aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

As resolucións do tribunal vinculan á administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto na LPACAP.

As decisións adoptaranse por maioría de membros presentes, debendo axustarse estritamente a súa actuación ás bases da presente convocatoria, con facultade para resolver as dúbidas que ofrezca a súa aplicación e para adoptar as resolucións, criterios e medidas que estime procedentes naqueles aspectos que non estean regulados nestas bases ou na lexislación vixente que resulte de aplicación.

Todos os membros do tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría, ao abeiro do artigo 30.1 do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e lexislación complementaria.

8.- Contido, desenvolvemento e cualificación da fase de oposición

Neste proceso para os efectos de eficacia e eficiencia, axilización do proceso e tamén para evitar desprazamentos e tempo do persoal aspirante realizaranse todas as probas na mesma xornada, concedéndolles persoal aspirante un descanso mínimo de 15 minutos entre a celebración dunha proba e outra.

Os horarios serán determinados polo tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

Os exercicios, tanto orais como escritos ou prácticos, realizaranse en lingua galega ou castelá, agás aqueles destinados a valorar o coñecemento dun idioma, que se realizarán no idioma indicado no exercicio.

A esixencia do coñecemento do galego para o acceso á función pública da Administración pública Xunta, está de acordo con o principio de mérito e capacidade, tal como expresa, entre outras, a sentenza do Tribunal Constitucional do 28 de febreiro de 1991, ditada no recurso de inconstitucionalidade número 955/1985.

En consecuencia, de acordo co carácter do galego como lingua propia e oficial de Galicia, segundo o Estatuto de Autonomía e o artigo 4 da Lei de normalización lingüística, apróbase a seguinte Lei e o artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, de acordo con o seguinte texto:

<Artigo 33. Para dar cumprimento á normalización do idioma galego no campo da Administración pública en Galicia e para garantir o dereito dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6.3 da Lei de normalización lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración autonómica terá que demostrarse o coñecemento da lingua galega.>

O decreto da alcaldesa no que se aproba a listaxe definitiva do persoal admitido e a composición do tribunal, fixará a data, o lugar e a hora para a realizar o primeiro dos exercicios da fase de oposición.

Ao ser unha praza temporal óptase por minorar o número de temario mínimo requirido no RD 896/91, do 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos, vixente na actualidade, circunstancia que non conculca os principios de mérito e capacidade posto que se verificarán os coñecementos necesarios para a cobertura desa praza.

FASE DE OPOSICION

A fase de oposición consistirá en tres exercicios:

a) Primeiro exercicio. Proba de coñecemento da lingua galega.

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da LEPG, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.

Esta proba está dirixida a comprobar, por parte do Tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego ao nivel esixido.

O Tribunal determinará:

- o contido desta proba podendo incluír contestación a preguntas por escrito, contestación de probas tipo test; a tradución dun texto do castelán ao galego o do galego ao castelán; léxico administrativo e específico.
- a duración do tempo máximo deste exercicio será de **20** minutos.

Estarán exentos de realizar esta proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o Celga que se indica na Base 1 ou estudos equivalentes.

Esta proba terá a cualificación de apto ou non apto. Compre obter a cualificación de apto para continuar no proceso de selección.

b) Segundo exercicio. Proba de coñecementos.

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Este exercicio estará orientado a comprobar os coñecementos teóricos persoal aspirante nas materias comúns e específicas.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de **20** preguntas con **catro** respostas alternativas cada unha, das cales só unha é a verdadeira, máis **tres** preguntas de reserva, ante posibles anulacións, de contestación tamén obligatoria.

Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera mais dunha anulación.

O cuestionario será o determinado polo tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, para os efectos de elaborar o mesmo.

As preguntas versarán sobre o temario e o persoal aspirante dispoñerá dun tempo máximo de **45** minutos para realizalo.

Este exercicio valorarase ata o máximo de **10** puntos (a razón de **0,50** puntos cada resposta correcta), sendo excluídos os participantes que non acaden o mínimo de **cinco** (5) puntos. Non se penalizarán as respostas incorrectas nin en branco.

c) Terceiro exercicio. Proba/s práctica/s.

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Esta proba estará orientada a comprobar os coñecementos, capacidades e competencias profesionais do persoal aspirante para o desenvolvemento do posto de traballo e/ou as materias do programa incluído no temario.

Consistirá nunha o dúas probas prácticas sobre os temas contidos no apartado do temario: materias específicas, establecidas libremente polo tribunal, e terá por obxecto a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa nunca suposto concreto que responda ás funcións ou tarefas da praza/posto de traballo que se convoca.

O tribunal proporá un ou dous exercicios e realizaranse no tempo máximo de **30** minutos.

O tribunal determinará:

- a) En relación cos exercicios prácticos, as probas selectivas comprenderán, segundo a natureza e características da/s praza/s convocada/s, un ou varios exercicios prácticos, test psicotécnicos, supostos prácticos sobre o temario específico, e outros similares que se consideren axeitados para vulgar a preparación do persoal aspirante en relación ao posto de traballo a desempeñar.
- b) Os criterios obxectivos de corrección.

Este exercicio valorarase ata o máximo de **10** puntos, sendo excluídos os participantes que non acaden o mínimo de **cinco (5)** puntos.

A cualificación final do persoal aspirante estará constituída pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, o que determinará a orde de puntuación definitivo

As cualificacións de cada unha das probas publicaranse polo tribunal unha vez realizada a súa corrección, dispoñendo o persoal interesado dun prazo de dous (2) hábiles para realizar ante o tribunal as reclamacións que estimen oportunas.

9.- Criterios de desempate

Os empates na puntuación dirimirase aplicando sucesivamente, o criterio de maior puntuación en:

- a) Terceiro exercicio. Proba/s práctica/s.

Se persistise o empate:

- b) Segundo exercicio. Proba de coñecementos.

Se persistise o empate:

- 1.- Segundo exercicio. Proba de coñecementos. Preguntas do **1-10**.
- 2.- Segundo exercicio. Proba de coñecementos. Preguntas do **11-20**.

Se persistise o empate, terá preferencia a muller ao home sempre e cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría se verifique a infrarepresentación do sexo feminino nunha diferenza porcentual de polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes, agás se considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos sexos existen motivos non discriminatorios para preferir ao home, e en caso de continuar o empate terá preferencia o/a aspirante de maior idade.

Se aínda non fose suficiente dirimirase por sorteo que se celebrará publicamente.

10.- Resultados da selección. Listaxe de aprobados e presentación de documentos

10.1 O/a candidato/a seleccionado/a será o que obteña a mellor puntuación na fase de oposición e superar, se non estivera exento, a proba de galego coa cualificación de apto.

Se ninguén do persoal aspirante presentado superase as probas eliminatorias, o Tribunal declarará deserta a praza convocada.

10.2. Rematada a selección, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo superar estes o número de postos convocados, e a fará pública no TEU municipal, e a título informativo e complementario na páxina web do concello.

10.3 Na acta de sesión, incluírase unha relación do persoal aspirante que non fora incluídos na relación de aprobados e a proposta de designación, para o fin, se por calquera circunstancia algún aspirante aprobado non fora designado, poderían selo, pola orde de puntuación obtida no proceso de selección.

10.4 Publicadas as listaxes coas puntuacións totais, o persoal aspirante disporá dun prazo de dous (2) días para efectuar reclamacións ante o tribunal. Rematado este prazo, o tribunal elevará á alcaldesa a proposta definitiva de contratación do persoal aspirante aprobado.

10.5 O persoal aspirante seleccionado/a antes da súa contratación, no prazo de dous (2) días hábiles desde a súa proposta de nomeamento, deberán xustificar documentalmente estes requisitos:

- a) Copia do DNI ou pasaporte.
- b) Copia do título académico esixido, ou, no seu defecto, o xustificante de ter aboado os dereitos para a súa expedición.
- c) Certificado ou informe médico que acredite posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza/s á/s que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

- d) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse no suposto de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración Xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público.
- e) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- f) Copia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar afiliado). O persoal aspirante que faga valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberá presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.
- g) Comunicación de alta de datos bancarios.
- h) A documentación que acredite os restantes requisitos esixidos na convocatoria.
- i) Se se tratase de nacionais doutros estados nos casos previstos no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015 e 52 da Lei 5/2015 do emprego público de Galicia, a documentación que acredite a súa condición.

11.- Nomeamento e formalización do contrato

O persoal candidato seleccionado, se cumpre os requisitos previstos, será contratada/o previa resolución da alcaldesa.

Mentres non se formalice o contrato, o persoal aspirante proposto non terá dereito a percibir cantidade económica ningunha.

O persoal aspirante quedará suxeito, de ser o caso, ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao Servizo das administracións públicas, e demais normativa aplicable

O persoal aspirante que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser contratado, polo que quedarán anuladas tódalas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Non previsto nas presentes bases, será de aplicación, o EBEP e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da LPEG non poden converter en fixa unha relación laboral de carácter temporal. Incorrerán en responsabilidade, nos termos previstos por esta lei, as persoas que coa súa actuación irregular dean lugar á conversión en fixa dunha relación laboral de carácter temporal, ao abeiro do artigo 27.3 da mencionada Lei.

12.- Listaxe de agarda

Na acta da última sesión, incluírase unha listaxe do persoal aspirante que supere os exercicios da fase de oposición, en orde descendente sobre a puntuación total do proceso.

O persoal aspirante que formen parte da mesma, poderán ser chamadas, (sempre respectando a orde da listaxe), para cubrir procesos de incapacidade temporal, maternidade, vacacións, permisos ou calquera outra circunstancia, sempre durante o período da presente contratación.

A orde de chamamento aos persoal aspirante que forma parte da listaxe de agra realizarase polo sistema rotativo. O chamamento persoal aspirante da listaxe de agarda efectuarase por orde de prelación (de maior a menor) e de forma rotatoria até esgotar a listaxe, é dicir ata que non sexan todos os compoñentes nomeados, estes non poderán repetir.

Os chamamentos para substitucións realizarase por medios telemáticos, en horario de 08:00 a 15:00 horas, dirixirse ao enderezo electrónico facilitado. De ser o caso, tamén poderá realizarse ao teléfono de contacto.

O chamamento preferentemente realizarase a través do Servizo de Notificacións de Galicia (notifica.gal) ao correo electrónico que se indique. Para iso o persoal aspirante deberá posuír certificado dixital.

O persoal candidato terá 12 horas para dar resposta, e a súa incorporación realizarase no prazo de tres días hábiles seguintes, contados dende o seguinte ao chamamento. Para estes os efectos de chamamento, os candidatos facilitarán un número de teléfono e correo electrónico.

O persoal candidato que non acepte cubrir o posto, ou non responda ao chamamento, agás nos casos debidamente xustificadas, quedará excluído da lista de agarda.

A renuncia inicial a unha oferta de traballo, ou a renuncia durante a vixencia do contrato, non darán lugar á exclusión da listaxe de agarda, pero ocasionará un cambio de lugar do posto, dentro da mesma, pasando a ocupar o último posto como integrante da listaxe de agarda.

Esta listaxe terá unha vixencia máxima deste contrato dende a data de toma de posesión e incorporación do candidato aprobado e proposto ata a extinción do contrato de traballo.

Para a finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, o persoal interesado é responsable de comunicarlle ao Concello calquera alteración do seu número de contacto e o correo electrónico.

13.- Protección de datos de carácter persoal

En virtude do establecido na Lei 3/2018 de Protección de Datos Persoais e Garantía, (en diante LOPDGDD), dos dereitos dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, os datos facilitados polas persoas participantes neste proceso de selección de persoal laboral temporal serán tratados por parte do Concello de Santa Comba como responsable de tratamento con dirección en: Praza do Concello 1, 15841 Santa Comba (A Coruña).

Para a finalidade do tratamento de datos persoais e a selección de persoas para a súa contratación laboral temporal polo Concello de Santa Comba téñense como bases de lexitimación:

- art.6.1.c) RXPDP Cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento
- art.6.1.e) RXPDP: O tratamento é necesario para o cumprimento de unha misión de interese público ou de poderes públicos.

Naqueles casos nos que a persoa interesada declare datos na súa solicitude, de acordo coa Disposición adicional 8.^a da LOPDGDD, a administración poderá realizar as verificacións necesarias para comprobar a exactitude dos mesmos.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se interesaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Os datos non serán tratados nin cedidos por terceiros, salvo obriga ou previsión legal de cesión a outros organismos con competencias na materia.

A persoa interesada pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión (dereito ao esquecemento), oposición, limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser obxecto de decisións automatizadas, mediante escrito acompañado de copia de documento oficial que lle identifique, dirixido ao Responsable: o Concello de Santa Comba, Praza do Concello 1, 15841 Santa Comba (A Coruña), a través do formulario electrónico dispoñible en <https://sede.santacomba.es> ou solicitando máis información no correo electrónico dpd@santacomba.es.

A persoa interesada tamén ten dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

14.- Recursos. Impugnación.

Contra estas Bases, cuxo acordo aprobatorio é definitivo na vía administrativa poderá interpoñerse polas persoas interesadas lexitimadas un destes recursos:

- a) Recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín oficial da provincia da Coruña. Se transcorrese un mes desde o día seguinte ao da interposición do recurso de reposición sen que este fose resolvido, poderá entenderse que foi desestimado e interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade da Coruña no prazo de seis meses.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación das bases no BOP.

Contra os actos administrativos definitivos derivados destas bases poderán ser interpostos os oportunos recursos polos interesados, nos casos e na forma establecidas na LPACAP, e na Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

15.- Réxime xurídico.

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto no/a:

- O Real decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público (en diante EBEP), (BOE núm. 261 do 31/10/2015).
- o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto dos traballadores, (en diante ET), (BOE núm. 255 do 24/10/2015).
- a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (BOE núm. 185 do 03/08/1984).

- o Real decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo (BOE núm. 313 do 30/12/2021).
- o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96 do 22/04/1996).
- o Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de administración local (BOE núm. 142 do 14/06/1991).
- o Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional de funcionarios civís da administración xeral do Estado (BOE núm. 85 do 10/04/1995).
- o decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 58 do 25/03/1991).
- O decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32 do 17/02/2016).
- o RD 707/1979, do 5 de abril, polo que se determina a fórmula de xuramento ou promesa para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas (BOE núm. 83 do 06/04/1979).
- a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG núm. 82 do 04/05/2015 e BOE núm. 123 do 23/05/2015), (en diante LEPG).
- a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades de persoal ao servizo das administracións públicas (BOE núm. 4 do 04/01/1985).
- a Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80 do 3/04/1985).
- a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (DOG núm. 149 do 05/08/1997 e o BOE núm. 237 do 3/10/1997).
- a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais (BOE núm. 294, do 16/12/2018).
- a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 2/10/2015), (en diante LPACAP).
- a Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236 do 2/10/2015), (en diante LRXSP).
- o Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- a Resolución do 29 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de emerxencias e Interior, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 14 de outubro de 2021 polo que se aproba o Plan de salvamento en praias de Galicia (SAPRAGA).
- o Decreto 63/2021, do 22 de abril, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- a Disposición transitoria primeira do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia que fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia.
- a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 14 de maio de 2012, que regula o modelo distintivo dos socorristas acuáticos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- as Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Santa Comba.
- as Bases desta convocatoria.
- as Ordes, Bases, normas ou requisitos das subvencións ou axudas referente a este proceso selectivo.

TEMARIO. PROGRAMA DE MATERIAS**Materias comúns**

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Estructura. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- A Coroa. As Cortes Xerais. Elaboración das leis. Clases de leis. O poder xudicial.

Tema 3.- Organización territorial do Estado na Constitución: Principios e criterios básicos da Administración central, autonómica e local. O Goberno e a administración. As Cortes. O Senado.

Tema 4.- A autonomía local. A Lei 7/1985, de bases de réxime local: A administración local: entidades que integran. O municipio: concepto e elementos. O termo municipal.

Tema 5.- Órganos de goberno nos municipios de réxime común. O alcalde: elección, atribucións, competencias. Os tenentes de alcalde. Os concelleiros. O concello pleno. A xunta de goberno local. As competencias municipais.

Tema 6.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións da Comunidade Autónoma: o Parlamento. O Consello da Xunta. O presidente.

Tema 7.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións da Comunidade Autónoma: o Parlamento. O Consello da Xunta. O presidente.

Tema 8.- Regulamento de réxime interno piscinas cuberta climatizada e descuberta do Concello de Santa Comba.

Tema 9.- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: consideración de persoa con discapacidade e dereito

Materias específicas

Tema 1.- Anatomía e fisioloxía. Conceptos xerais. Sistemas e aparatos.

Tema 2.- Socorrismo. Principios xerais. Primeiros auxilios

Tema 3.- Reanimación cardiopulmonar. Emprego do DESA.

Tema 4.-Traumatismos. Lesións e contusións.

Tema 5.- Feridas. Hemorragias.

Tema 6.- Shock. Cadros convulsivos.

Tema 7.- Queimaduras. Trastornos térmicos.

Tema 8.- Intoxicacións.

Tema 9.- Picaduras e mordeduras.

Tema 10.- Accidentes acuáticos.

Tema 11.- Plan de autoprotección.

Tema 12.- Plan de actuación en zonas de baño.

Tema 13.- Salvamento e socorrismo acuático profesional.

Tema 14.- Praias e augas oceánicas e continentais.

ANEXO I: ÍNDICE DE DOCUMENTOS

(Obrigatorio presentar este modelo normalizado. Se non for así, sería motivo de emenda. Achegarase xunto coa instancia e demais documentos esixidos).

Don/Dona _____,

DNI núm. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en:

Notificación telemática na dirección electrónica: _____
(precisa DNI, certificado electrónico ou CLAVE)

Para os efectos de presentarme ás probas selectivas do Concello de Santa Comba (A Coruña)

Praza	Socorrista
Expediente	2022/E001/000009

Situación de exclusión laboral:

Risque cun X	Situación de exclusión laboral
	Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
	Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
	Persoas paradas de longa duración.
	Persoas con discapacidade
	Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito
	Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia
	Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

Aporto esta documentación:

Documento xeral obrigatorio		Risque cun X
1	A solicitude para participar no proceso selectivo (modelo anexo II das Bases)	
2	A declaración responsable (modelo anexo III das Bases)	
3	Copia do DNI ou documento equivalente	
4	Copia do título que acredita como requisito mínimo	
5	Copia do título Celga ou equivalente (para exención proba coñecemento lingua galega)	
6	Tarxeta de demanda de emprego	

Outra documentación (de ser o caso)	Risque cun X
Certificación da condición de discapacidade e o grado de minusvalía	
De ser o caso, solicitude de adaptación das probas mor dos motivos da minusvalía	

Lugar:

Data:

Sinatura:

ANEXO II: MODELO DE SOLICITUDE

		Sede electrónica Concello de Santa Comba		Solicitud de Selección Personal	
Praza do Concello, s/n 15840 Santa Comba - A Coruña Tif. 981 880 075 - sede@santacomba.es					
CANAL DE NOTIFICACIÓN					
<input type="checkbox"/> Notificación Postal			<input type="checkbox"/> Notificación Telemática		
DATOS DEL PRESENTADOR					
NIF	Nombre	Primer Apellido	Segundo Apellido		
Teléfono	Correo Electrónico	Notificar a			
Domicilio de Notificación					
Código Postal	Municipio	Provincia			
ACTUANDO					
<input type="checkbox"/> Actuando en nombre propio			<input type="checkbox"/> Representando, en calidad de		
Tipo de Representante:			Empleado de:		
Posibles valores: (Representante Legal, Tutor Legal, Heredero Legal, Alcalde / Concejale Delegado, REA - Registro Electrónico de Apoderamientos, Otros, Certificado de Representación, Certificado de Representación. Gestoría)					
DATOS DEL INTERESADO					
NIF	Nombre	Primer Apellido	Segundo Apellido		
Teléfono	Correo Electrónico				



Sede electrónica
Concello de Santa Comba

Praza do Concello, s/n 15840 Santa Comba - A Coruña
Tif. 981 880 075 - sede@santacomba.es

Solicitud de Selección Personal

EXPONE

SOLICITA

DOCUMENTACIÓN ADJUNTA

DECLARA BAJO SU RESPONSABILIDAD

Que conoce y acata incondicionalmente las bases de la convocatoria. Que cumple todos los requisitos exigidos en las bases para participar en la presente convocatoria.

FECHA Y FIRMA

EN _____, A _____ DE _____ DE 20____.

firmado



Sede electrónica
Concello de Santa Comba

Praza do Concello, s/n 15840 Santa Comba - A Coruña
Tif. 981 880 075 - sede@santacomba.es

Solicitud de Selección Personal

De acuerdo con lo dispuesto en la Ley Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Personal y Garantía de los Derechos Digitales, le informamos de que los datos facilitados serán tratados por la Entidad Local con la finalidad de poder atender su solicitud. Dichos datos serán tratados de manera confidencial, y sólo podrán ser cedidos, en los casos contemplados en la Ley. Le comunicamos que puede ejercer los derechos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación al tratamiento y portabilidad de sus datos, usando el procedimiento de Ejercicio de Derechos de la Sede Electrónica.

Más información: https://sede.santacomba.es/es/sobrelasede/proteccion_datos/

Anexo Informativo

Descrición

En este trámite, "convocatoria de personal", se podrá presentar una solicitud para participar en un proceso de selección de personal del Organismo.

Documentación

- Solicitud.
- Documentación solicitada en las bases de la convocatoria.
- Justificante de pago de tasas según la/s ordenanza/s vigente/s.

Se dispón de certificado dixital pode acceder á Sede Electrónica e achegar telematicamente este modelo de solicitude no trámite [Emprego Público e Recursos Humanos, convocatoria de persoal, descargas impresos](#).

Nos demais casos, o modelo de solicitude facilitarase no Departamento de Persoal ou nas oficinas municipais (Rexistro e Información –teléfono/s: 981 880075/100-). Tamén na dirección electrónica: correo@santacomba.es.

Aclaración: Decláranse exentos do pagamento de taxas os participantes en procesos selectivos referidos a prazas de persoal laboral temporal (artigo 7 da Ordenanza Fiscal núm. 25, reguladora da taxa por emisión de documentos administrativos, aprobado pola Corporación municipal do 10/11/2006 -BOP núm. 8 do 11/01/2007-).

ANEXO III: DECLARACIÓN RESPONSABLE

(Obrigatorio presentar este modelo normalizado xunto coa instancia e demais documentos esixidos.
Se non for así, sería motivo de emenda)

Don/Dona _____,

DNI núm. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en:

Notificación telemática no correo: _____

Para os efectos da presentación ás probas selectivas do Concello de Santa Comba (A Coruña)

Praza	Socorrista
Expediente	2022/E001/000009

DECLARACIÓN RESPONSABLE

- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas propias do posto. No suposto de aspirantes con grao recoñecido de diversidade funcional, que non supoña incapacidade para desempeño de posto de traballo, deberase referir tal situación na instancia. Para tal fin os aspirantes han de achegar fotocopia compulsada do ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade competente, que acredite de forma fidedigna as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de discapacidade recoñecido, para os efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se a persoa aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba que se vai realizar. As adaptacións de tempo deberán axustarse ao previsto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, do Ministerio da Presidencia.
- Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial firme, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Non acharse comprendido en ningún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade para o acceso á función pública local establecidos na lexislación vixente.
- Que non foi contratado/a, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021, pola Consellería de Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, segundo se indica no artigo 14.2 da dita Orde do 7 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 21, do 1 de febreiro).
- A exactitude e veracidade da copia da documentación que se aporta.

Lugar:

Data:

Sinatura:

Santa Comba, 27/05/2022

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez(Documento que se asina electronicamente)

2022/3648